



SOLIDARIEDADE COAS QUE SE ENFRONTAN AO PODER

Mónica e Francisco serán xulgados os días 8, 9 e 10 de Marzo na sede da Audiencia Nacional despois de dous anos e catro meses en prisión preventiva. Acusáronlles de pertencer ao Comando Insurreccional Mateo Morral, que reivindicou o ataque á Basílica do Pilar o 2 de Outubro de 2013, grupo ao cal a policía asocia dende un primeiro momento cos Grupos Anarquistas Coordinados. Este caso foi o primeiro da serie de golpes represivos preparados polo estado durante estes dous últimos anos contra anarquistas e antiautoritarixs, a primeira vez que a literatura policial relacionará a estes grupos coa FAI-FRI. Esta acusación repetirase nas seguintes operacións antiterroristas ao anarquismo, Pandora, Piñata, Ice... operacións que nos deixaron 48 detencións con acusacións de pertenza a organización terrorista, das cales 45 persoas están a espera de xuízo, sen contar as detencións anteriores a este caso, como as dos cinco de Barcelona en 2013, “caso facebook” ou as últimas en Madrid o mes de febreiro deste ano, durante a representación dunha obra de monicreques, por apoloxía de terrorismo.

Neste proceso legal púidose ver a colaboración entre os estados chileno e español en materia antiterrorista, o papel da

prensa neste tipo de casos represivos, filtrando información, facendo paralelismos con grupos armados, creando ese linchamento mediático. Tamén é reseñable a cantidade de irregularidades e de trabas que se puxeron ao longo destes dous anos, os traslados de prisións, a dispersión, retención de cartas, a aceptación de probas por parte da acusación fóra de prazo, etc.

A petición fiscal é de 44 anos de prisión a cada un dos nosos compañeiros, polas acusacións de pertenza a organización terrorista, estragos, lesións e conspiración.

Nos últimos anos, presenciamos un ciclo de loitas máis ou menos combativas, o fin de grupos armados co consecuente sinalamento a outros inimigos internos, o intento por institucionalizar todos os movementos sociais, etc. O estado usará todas as súas armas para defenderse atacando aquilo que non poida asimilar, neste caso, as ideas e prácticas anarquistas. Non caeremos nas súas dinámicas nin linguaxe, superando o binomio inocente-culpable. Encaixaremos os golpes e seguiremos na loita, non deixaremos a ningún compañeiro só nas garras do estado. Contra toda autoridade.

**FORZA E LIBERDADE PARA MÓNICA E FRANCISCO
E TODOS OS LOITADORES PRESOS E PERSEGUIDOS!
ATA QUE A ÚLTIMA GAIOLA QUEDE BALEIRA...
MORTE AO ESTADO E VIVA A ANARQUÍA**